IN MEMORIAM

LUCIANO FARIÑA COUTO: 13-01-1916 – 09-12-2011

Naceu en Cambados (Pontevedra) en 1916, onde casou en 1945 con Francisca Busto Rodríguez. Logo de principia-los seus estudos en Santiago de Compostela, licenciouse en Filosofía e Letras na Universidade de Valladolid (1941); con posterioridade, fixo estudos de Graduado Social Santiago (1951), Perito Mercantil (Ourense, 1956); e en Dereito, na cidade compostelá (1955). Nesta última carreira doutorouse en 1964 co estudo *"La legislación de los sínodos diocesanos de Orense en los siglos XV y XVI, sobre los sacramentos del bautismo, penitencia, eucaristía y matrimonio"*, do que se publicou un resumo no Boletín da Universidade de Santiago (1965)

Foi membro do Seminario de Estudos Galegos no que ingresou, en febreiro de 1934, co traballo *"As estacións rupestres da serra de Leboreiro"*, que se publicou en colaboración con Xurxo Lorenzo en ***Nós*** nº 115 (1933). Publicou diversos traballos no Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología de la Universidad de Valladolid: *"Notas sobre na nueva citania"* (BSSAA, 7,1941, 210), ou *"Notas sobre motivos ornamentales visigóticos: ladrillos con relieves"* (BSSAA, 6, 1939-40,205-210), así como varios artigos en diferentes publicacións.

Como funcionario do corpo técnico da Administración do Estado e do corpo técnico do Instituto Nacional de Previsión, no que ingresou en 1945, ocupou diversos postos en Madrid e Ourense, cidade na que desenvolveu ademais unha intensa actividade docente en diversos centros: Colexío das Josefinas, Instituto de Ensino Medio, Escola de Comercio –onde foi ademais secretario- e Centro de Formación Profesional "12 de Outubro", do que foi director; cultural, colaborando co Museo, Liceo e prensa; e pública, ocupando diversos postos na vida política do momento entre outros o de concelleiro en Ourense entre 1958 e 1962. Nese ano se trasladou a Santiago de Compostela -onde tamén exerceu a docencia na Universidade- e seguidamente recalou na Coruña (1966) e Pontevedra, cidade na que se afincou dende 1972 como Administrador de Instituciones Sanitarias en Pontevedra, e foi o encargado de por en funcionamento o Hospital de Montecelo e na que tamén desempeñou o cargo de maxistrado sustituto de Traballo.

Logo da súa xubilación, ademais de traballar como advogado, retomou os traballos históricos, colaborando co Museo de Pontevedra e o de Ourense, así como con grupos de animación cultural como as Rutas Cicloturísticas del Románico, de Pontevedra, aportando ao seu Boletín de las Rutas del Románico diversos traballos de contido histórico: *"El calzado en los siglos del románico"* (16,1998), *"Los templarios en Galicia"* (18,2000) ou *"Cruces u crucifijos románicos en Galicia"* (19,2001). Tamén ten inéditos dous traballos, un sobre *"Os normandos en Galicia"* e outro sobre *"O Mosteiro de Montederramo: estudio histórico-artístico"*.

Froito da súa investigación en temas de heráldica e xenealoxía son o artigo *"Notas sobre heráldica y genealogía de algunos linajes del Ribeiro de Avia"* publicado no Boletín Avriense, XXIII, 1993, 255-287; **O libro da heráldica galega**, publicado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza en 2001, así como diversas achegas de xenealoxía e heráldica galega en revistas de Galicia e foráneas. Ten pendente de publicación un estudo sobre ***Un libro armorial eclesiástico nos fondos do Museo de Peregrinaciónsde Santiago.***

O ano 2001 ingresou en calidade de Socio de Número na Asociación de Xenealoxía Heráldica e Nobiliaria de Galicia, co número 6; o primeiro, tras os cinco socios fundadores. O 13 de xuño do ano 2003 foi elixido por unanimidade Socio de Honra desta Institución, pola súa traxectoria investigadora nos campos da Xenealoxía, a Heráldica e a Nobiliaria, e así consta na acta da Xunta correspondente e, no Libro de Honras e Distincións da Asociación, no seu Título segundo, asinado polo Presidente, o Secretario e o propio interesado. O Solemne acto do nomeamento celebrouse na cidade de Pontevedra, no antigo e apreciado Auditorio da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, o cinco de agosto do mesmo ano.

Con cariño:

A Asociación,
os teus compañeiros,
familiares
e amigos.